



iniciativas no rural galego

Iniciativa	<b>Abella Lupa</b>
Enderezo	As Laxiñas nº 6, 36.872 Covelo, Pontevedra
Web	<a href="http://abellalupa.com">http://abellalupa.com</a>
E-mail	<a href="mailto:info@abellalupa.com">info@abellalupa.com</a>
Persoa de contacto	Alexandre Cendón González
Fórmula xurídica	Sociedade Agraria de Transformación
Vídeo	<a href="https://www.youtube.com/watch?v=EnYCyxOgB-0">https://www.youtube.com/watch?v=EnYCyxOgB-0</a>



## A experiencia

A sociedade agraria de transformación Abella Lupa ten un dobre propósito: a produción ecolóxica de mel e a recuperación e divulgación do patrimonio cultural asociado á apicultura en Galicia.

Fórmana 4 persoas vinculadas ao ecoloxismo e con formación universitaria en bioloxía, enxeñería forestal, enxeñería de montes e educación ambiental. A actividade xera un posto de traballo, dun dos socios, sendo actividade secundaria para o resto.

Ademais da produción de mel, realiza un importante labor na divulgación da apicultura como oportunidade de desenvolvemento económico compatible coa conservación da natureza, e como patrimonio material e inmaterial que sufriu un importante abandono e risco de perderse.

## As orixes

A dedicación á apicultura foi casual. Unha persoa que tiña colmeas, ao emigrar, deixounas ao cargo dun dos actuais socios de Abella Lupa, iniciándose así a súa formación e dedicación hai 20 anos.



A creación de Abella Lupa data de 2009, froito dunha situación de desemprego deste socio e da aposta por demostrar a viabilidade dun modelo de desenvolvemento sustentable que puxera en valor un patrimonio apícola en abandono e proceso de perda.

Nesta aposta séguense as pegadas de experiencias anteriores dos socios e da socia de Abella Lupa: a súa participación activa nun grupo ecoloxista local (con implicación na Federación Ecoloxista Galega) ou a súa implicación na Comunidade de Montes de Covelo desde o ano 1996, que significou un relevo xeracional en dita organización... dan conta dun traballo continuado no tempo por parte de xente nova arraigada a este territorio e que tomou unha posición activa no mesmo.



## Patrimonio apícola

A apicultura constituíu unha actividade moi estendida en toda Galicia, tendo sido nalgunhas zonas como Covelo, unha importante fonte de recursos económicos.

Por exemplo, houbo unha importante actividade cereira, e exportábanse bloques de cera cara a industria do calzado de Levante.

Os lagares ou as albarizas (para protexer as colmeas dos osos ou dos ladróns) constitúen un patrimonio arquitectónico relacionado con esta actividade que Abella Lupa tamén se encarga de protexer e recuperar, como o Lagar de Paraños, que ademais está musealizado.



## O territorio

Covelo, situado na Serra do Suído, fronteira entre as provincias de Pontevedra e Ourense, reproduce o perfil habitual dos concellos rurais galegos: poboación envellecida e escasa. A actividade agraria está abandonada e as oportunidades económicas son aparentemente inexistentes.

A Serra ten un alto valor ambiental e está en proceso de entrar na Rede Natura 2000. A práctica inexistencia de cultivos, e polo tanto o non uso de produtos fitosanitarios, supón unha oportunidade para a produción de mel ecolóxico.

## Vulnerabilidade

O despoboamento é un factor de vulnerabilidade territorial, xunto coa falta de oportunidades de emprego.

No que respecta á actividade apícola o abandono pode ser unha potencialidade, fronte á ameaza que representan os modelos de desenvolvemento agrario de monocultivo, así como polo uso de químicos na agricultura.



## Axentes

Trátase dun proxecto de carácter particular, levado adiante por persoas con implicación ambiental e comunitaria. As redes de colaboración son maiormente de carácter horizontal e no ámbito asociativo (por exemplo, Abella Lupa é socia de AGA). A Administración Pública non ten un papel determinante.

A experiencia ten un duplo carácter: empresarial e social. Dunha parte, como proxecto que pretende ser un modo de vida e unha actividade económica, responde aos requirimentos das empresas: busca de clientes, xestión económica, etc. Doutra parte, ten un carácter social e ambiental, articulándose como unha estratexia de posta en valor do patrimonio apícola galego e de compatibilidade entre a conservación ambiental e o desenvolvemento económico.



## Proceso de participación

Fronte a unha cultura local con forte presenza de relacións de tipo clientelar, esta iniciativa aposta por modelos de relación horizontal e participativa.

Estes modelos foron levados polos socios ao ámbito da Comunidade de Montes, impulsando a participación activa de todas as persoas, a transparencia, o rigoroso cumprimento dos acordos, etc.



## (Novos) axentes do territorio

Unha das características deste proxecto é que é liderado por unha nova xeración de persoas do territorio, con intereses e valores que poden estar máis abertos ou próximos ao mundo urbano, pero que desenvolveron un traballo continuado no seu medio de orixe.

Non son axentes externos, pero si son novos, na medida en que pertencen a unha nova xeración e que achegan novos enfoques, nomeadamente nos que integran a sustentabilidade e a profundización democrática.



## Recursos

A actividade supón uns investimentos de en torno a 30.000 euros, dos cales só unha mínima parte, correspondente á compra de maquinaria, obtivo financiamento público, de AGACER. O 87% do financiamento respondeu a achegas dos socios e socia e a un crédito adquirido a través dunha entidade de banca ética.

Outro recurso importante é a cesión de terreos. As colmeas sitúanse en pequenas áreas de monte cedidas polos seus propietarios a cambio de manterllas limpas e de compensacións en especie.



## Impactos

### Territorio intelixente

A recuperación dos saberes tradicionais vinculados á apicultura non introduce en si mesma innovación, pero si o fai a aposta pola produción ecolóxica e o papel de Abella Lupa na visibilización do medio natural, do medio rural e da apicultura como unha oportunidade de desenvolvemento.

### Territorio inclusivo

O impacto no emprego, de forma directa, é a xeración dun posto de traballo. O seu potencial pode ser algo maior. De forma indirecta, a través das accións de divulgación e formación, prestan apoio a outras posibles persoas que queiran desenvolver esta actividade. A recuperación patrimonial pode ter impacto no turismo e lecer.

### Territorio sustentable

Polo seu perfil profesional e traxectoria asociativa, Abella Lupa supón unha aposta da súa socia e socios por demostrar que desenvolvemento e conservación ambiental van da man. Neste sentido, contan co recoñecemento da Fundación Biodiversidade a través do premio Red Empreverde 2012.